



## **R cobre cerca do 80% de Galicia cos seus servizos avanzados, que chegan xa a 275 concellos**

- ***Preto de 1.010.000 fogares e empresas de Galicia están conectados directamente á rede de fibra óptica de R, que sumará 24.000 novas residencias e negocios á súa infraestrutura cando complete as previsións dos plans Avanza do Ministerio de Asuntos Económicos, a peche deste ano.***
- ***Grazas a estes últimos despregamentos, o operador galego chegará a case una trintena de concellos das catro provincias galegas que nunca contaran con servizos de alta velocidade (“zonas brancas”).***
- ***A rede propia de fibra óptica de R despregouse en 143 localidades e os acordos con outros provedores permiten o acceso aos servizos de última xeración de R noutros 132 concellos da comunidade galega.***
- ***En total, máis de 1.200.000 fogares e empresas de Galicia están a día de hoxe en disposición de recibir os servizos avanzados de R como accesos a internet de ata 500 megas ou televisión dixital multicanle con deco Android 4K, Netflix e o servizo á carta ‘rebobina’, entre outras moitas vantaxes.***

**Mércores, 10 de febreiro de 2021.-** R deu grandes pasos para mellorar a cobertura dos seus servizos no territorio galego, intensificando os traballos de mellora e despregamento da súa rede de fibra óptica durante os últimos meses, en resposta á petición de cidadáns, empresas e concellos que viñan demandando a chegada do operador galego ás súas localidades.

Paralelamente, completou eses accesos directos á súa rede de última xeración, con acordos para compartir infraestruturas con outros provedores, e a día de hoxe máis de **1.200.000 fogares e negocios** da comunidade galega poden gozar dos servizos avanzados de **R** a través de fibra óptica. Desá cantidade, 1.010.000 residencias particulares e empresas de 143 localidades galegas están conectadas directamente á rede de **R**, que sumará á súa infraestruturas cando se peche 2021 preto de 30.000 inmobles máis, froito dos traballos do Plan Avanza (24.000 fogares e empresas) e doutros despregamentos.

De feito, no último ano incorporáronse á rede de **R**, directa ou indirectamente, preto de **133 novos concellos** que ata o momento tiñan limitacións importantes de conectividade con fibra.

## **a tan só un 20 % do total**

**R**, pioneira en Galicia no despregamento de fibra óptica, desenvolve dende hai máis de dúas décadas traballos de obra civil e canalización para lles achegar os seus servizos avanzados de telecomunicacións ao maior número de persoas e empresas de Galicia. Nun territorio de difícil orografía, onde moitas veces é complicado ou mesmo imposible despregar a solución óptima da fibra, o operador galego buscou alternativas para facer chegar a súa oferta a fogares e negocios da comunidade.

E así, a día de hoxe falamos xa de **275** concellos, arredor dun 88 % dos 313 que conforman Galicia, cuxos/as habitantes poden dispor dos servizos de última xeración de **R**. Esta cifra tradúcese nunha cobertura de preto do **80% do territorio de Galicia** onde é factible facer chegar a fibra dunha ou doutra maneira, co que tan só queda un 20 % dese territorio potencialmente “conectable” por cubrir para o operador galego.

Deste xeito, **R** continúa consolidando a expansión da súa cobertura de rede fixa (e tamén móbil) en zonas que ata o de agora non dispuñan de acceso aos seus produtos avanzados de telecomunicacións en Galicia e xa pode ofrecer esa proposta converxente (accesos de ata 500 megas, televisión dixital multicanle con deco Android 4k, Netflix e servizo á carta ‘rebobina’ ademais de móbil **R** de última xeración) na práctica totalidade de concellos e fogares galegos.

## **plans Avanza: despregamentos de R en “zonas brancas”**

**R** resultou adxudicataria en 2018 para despregar a tecnoloxía FTTH en 512 núcleos de Galicia que non dispuxeran de alta velocidade ata o momento (“zonas brancas”). Preto de 32.000 novos fogares e negocios de Galicia quedarán conectados ás redes de nova xeración de **R** cando finalicen as actuacións adxudicadas entón ao operador galego polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Digital.

A estes traballos hai que lles sumar as tarefas de extensión de redes avanzadas que **R** desenvolveu dende 2016 en virtude doutro concurso do Plan PEBA do Ministerio para lle achegar tamén a tecnoloxía FTTH a diferentes “zonas brancas” da xeografía galega; en concreto, para conectar ás redes de nova xeración de **R** 33.000 fogares e negocios, cuxos servizos están en fase de comercialización.

E así, ao final dos dous plans, a peche deste ano, preto de **65.000 novas residencias particulares e empresas** van quedar preparadas para recibir os servizos avanzados de **R**.

De feito, só no marco do Plan Avanza, **R** chegou por vez primeira coas súas redes de nova xeración nos últimos 3 anos a núcleos das catro provincias galegas que nunca dispuxeran de alta velocidade como Tomiño, O Rosal, Monterroso, Palas de Rei, Boqueixón, Porto do Son, Curtis, Cuntis, Meaño, Pobra de Trives, Peín, Barreiros, Lourenzá, Ortigueira, Cariño, Camariñas, Muros, Cerceda, Antas de Ulla, Muxía, Moraña, Guitiriz, Abegondo, Ribadumia, Combarro e Ponte Caldelas.

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)